


TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DE HERMES E O NENO DIONISOS

DE PRAXÍTELES

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Hermes e o neno Dionisos. Escultura exenta ou de vulto redondo da arte grega realizada na Época clásica, no século IV a.C. Autor: Praxíteles. Material: copia en mármore sen policromar. a obra orixinal tamén era en mármore sen policromar pois Praxíteles foi un dos primeiros escultores que non policromou as súas esculturas.

c.- Analiza e comenta a obra: Praxíteles foi un escultor ateniense e un dos máis importantes do século IV a.C., xunto con Scopas e Lisipo.

Estamos ante un grupo escultórico formado por dúas figuras masculinas: un mozo de tamaño semellante ao natural e un neno. Aparecen de pé (o neno sobre un alto soporte disimulado cunha capa), paradas e núas. É unha escultura exenta. Representa a dous deuses: o mozo é Hermes, deus do comercio, dos ladróns e mensaxeiro dos deuses; o neno, o seu irmán Dionisos, deus do viño. A mitoloxía conta que Dionisos naceu da relación de Zeus (pai de Hermes) e Sémele. A esposa de Zeus, a deusa Hera, estaba furiosa polas infidelidades do seu marido. Zeus, temendo que Hera lle fixese algo ao seu fillo Dionisos, entregou o bebé a Hermes para protexelo dela. Praxíteles representa o momento no que Hermes está escapando con Dionisos para levalo ao Olimpo onde ía ser coidado polas ninfas. Os deuses fan unha alto no camiño para calmar a sede do neno con uvas (no brazo dereito, Hermes sostiña o acio de uvas).



Neste grupo escultórico mantéñense elementos propios do século V a.C., pero sobre todo se introducen importantes cambios e innovacións en Hermes nos seguintes aspectos:

- A figura supera un pouco a lei da frontalidade, aínda que o punto de vista frontal siga a ser o predominante (o brazo dereito elévase cara a un lado para que vexamos perfectamente o corpo); sitúa as pernas case á mesma altura e pouco separadas, a perna esquerda está lixeiramente flexionada (relaxada) e a dereita está recta (en tensión), aguantando o peso do corpo (contraposto).

- Podemos definir a Praxíteles como o escultor que

humanizou ás divindades: Hermes detén a súa marcha para dar as uvas ao neno, que ten sede, como se fose humano; tapa parte do corpo do neno coa súa propia capa; as miradas atópanse e establécese entre eles un lazo de tenrura e familiaridade.

- Hermes ten un perfil en S, xa que lle imprime á cadeira unha forte curvatura, a chamada “curva praxiteliana” que provoca un grande desequilibrio e inestabilidade



na figura (reflexo da inestabilidade da propia Grecia) e que teña un aire feminino, unha certa ambigüidade. Ademais é unha figura que, estando en repouso, mostra un grande desequilibrio (o Doríforo camiñaba e era unha figura moi equilibrada): racha así co equilibrio do século V a.C. O tratamento do mármore é suave, delicado e acentúa o aire feminino do mozo. A figura está modelada, ten un corpo pouco musculoso pero moi ben traballado. Hermes é unha figura estilizada (fronte á robustez do Doríforo), cun corpo longo e unha cabeza pequena que se representa de forma minuciosa: o cabelo é curto pero máis naturalista que o do Doríforo pois se separa do cranio perdendo a forma esférica: isto permite un claroscuro suave que acentúa o naturalismo. A figura mostra un rostro melancólico, con labios e ollos pequenos, un rostro que expresa sentimentos.

Todas as características mencionadas permítennos falar dun novo ideal de beleza masculina máis delicado, fráxil, feminino, que racha co ideal de beleza do século V a.C. e abre o camiño á escultura helenística.